

**DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 09 de setembro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN DA SUBSTITUCIÓN DA UNIDADE EXTERIOR DA BOMBA DE CALOR DO TEATRO JOFRE (AVS 03109 24/55) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2021039105). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:

“O concelleiro delegado de Medio Ambiente, Servizos, Zona Rural e Obras remitiu ao Servizo de Contratación a solicitude de inicio do expediente de **contratación da substitución da unidade exterior da bomba de calor do Teatro Jofre** acompañando a documentación preparatoria do expediente, que foi completada en data 30.08.2024.

En cumprimento do establecido nos artigos 28, 99, 101, 116 e concordantes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público por la que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), **en relación á documentación integrante do expediente de contratación**, constan incorporados a providencia de incoación do concelleiro delegado da área promotora de data 16.07.2024; a memoria xustificativa da necesidade do contrato asinada pola xefa de servizo de Servizos e polo seu concelleiro delegado de data 18.07.2024 na que se describen as necesidades a satisfacer e a idoneidade do seu obxecto xunto cos motivos para a non división en lotes do obxecto do contrato; o certificado do inventario municipal, de data 07.06.2024, relativo á titularidade municipal do Teatro Jofre; o documento xustificativo do orzamento e o informe sobre as condicións de solvencia, criterios de adxudicación, condicións especiais de execución e demais mencións propostas para este contrato, asinados ambos polo enxeñeiro municipal en data 29.08.2024; e o Prego de Prescricións técnicas redactado polo enxeñeiro municipal en data 30.08.2024. En cumprimento do disposto no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2021, de 27 de abril, en relación coa DA 3ª LCSP, consta informe de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira da actuación asinado pola xefa de servizo de Servizos en data 18.07.2024.

Incorpórase ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas redactado para este contrato en data 30.08.2024 que xunto co Prego de Prescricións Técnicas rexerán a contratación.

Segundo o sinalado na memoria xustificativa da necesidade do contrato, *dende hai tempo o Teatro Jofre, ven arrastrando problemas co climatización que remataron coa avaría da instalación. Analizadas as causas que motivan o problema conclúese que é preciso proceder á substitución da unidade exterior da bomba de calor.*

En consecuencia, o presente contrato ten por obxecto o subministro e instalación dunha unidade exterior da bomba de calor do Teatro Jofre do Concello de Ferrol para substitución da existente, por atoparse avariada, así como a retirada desta.

O orzamento do contrato ascende á cantidade de 70.071,34 € (21% IVA incluído). O valor estimado, consonte o método de cálculo establecido no artigo 101 LCSP, ascende á cantidade de 57.910,20 €.

O gasto derivado da presente contratación imputarase á aplicación orzamentaria 03109 3331 62300, na que existe crédito para facer fronte aos gastos derivados da presente contratación no exercicio 2024 (RC nº 224104566, ref nº 1924),

Tendo en conta as características do contrato o procedemento a seguir para a súa adxudicación será o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios obxectivos de adxudicación e tramitación ordinaria, consonte o disposto nos artigos 131, 159, 145 e 146 LCSP.

Segundo establece o artigo 117 LCSP, unha vez completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación e a aprobación do gasto. A competencia para a aprobación do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, en virtude do disposto na DA 2ª.4 da LCSP e no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.12.2023 (BOP nº 241 de 20.12.2023).

A aprobación do expediente irá **precedida dos informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais** (DA 3ª da LCSP, apartados 3 e 8).

Examinada a documentación que se acompaña e de conformidade co establecido nos artigos 116, 117 e Disposición Adicional Segunda da LCSP, **proponse ao concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación a elevación á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente, da seguinte proposta:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas de data e de Prescricións Técnicas, ambos de data 30.08.2024, que rexerán a contratación da SUBSTITUCIÓN DA UNIDADE EXTERIOR DA BOMBA DE CALOR DO TEATRO JOFRE e outorgarlle o seguinte número de expediente AVS 03109 24/55.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe máximo de 70.071,34 € (21% IVE engadido) e imputalo á aplicación 03109 3331 62300 do orzamento municipal consonte o seguinte desglose:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	70.071,34€

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aberto simplificado consonte o disposto no artigo 159 LCSP, con pluralidade de criterios obxectivos de valoración e tramitación ordinaria, nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e dos documentos do expediente que conteñan a información referida no artigo 63.3 LCSP.

CUARTO.- Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e tramitación do oportuno expediente”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE